

Augas medicinais



Recoñécense como Augas Mineiro-Medicinais aquelas que son utilizables con fins terapéuticos e que foron declaradas de Utilidade Pública. As súas propiedades beneficiosas para a saúde dependen da estrutura molecular da Auga, das substancias minerais disoltas ou suspendidas nela e da temperatura e presión con que emerxe á superficie. As calidades físico-químicas das augas Mineiro-Medicinais dos Balnearios españois, alcanzan a plenitude dos seus

efectos terapéuticos "a pé de manancial", onde a Auga aflora coas súas propiedades e características intactas.

TIPOS

Augas bicarbonatadas



Augas ricas en sal de ácido carbónico. Controlan a resposta anafiláctica e regulan o sistema dixestivo, comportándose como **hepatoprotectoras** e antidisépicas, favorecendo a eliminación de ácido úrico e regulando o pH. Neutralizan a secreción ácida e favorecen a actividade pancreática; polo que se recomendan en casos de reflujo **gastroesofáxico** e dispepsia, así como en afeccións **reumatolóxicas** e **endocrinolóxicas**.

Balnearios especializados en Augas bicarbonatadas

- **Galicia**
 - Lugo
 - Lajas - Caldaria
 - Lobios - Caldaria
 - Caldas de Partovia
 - Arnoia - Caldaria
 - Termas de Molinar

Augas cálcicas



Augas ricas en calcio, normalmente asociadas a sulfuros. Compórtanse como protectoras do aparato dixestivo, sedantes e antiespasmódicas, diuréticas e redutoras da tensión sistólica; polo que se recomendan en afeccións do tracto dixestivo e naquelas relacionadas coa dexeneración ósea; tamén son moi beneficiosas en afeccións cardiovasculares como o colesterol alto.

Augas carbogaseosas



Augas que conteñen gas de ácido carbónico libre. Utilízanse como augas de mesa xa que estimulan o apetito e facilitan a dixestión. Por vía externa compórtanse como un potente **vasodilatador** arterial, polo que se recomenda en afeccións do aparato circulatorio: hipertensións, **vasculopatías**, etc.

Augas cloruradas



Augas ricas en cloruro. Por vía interna presentan acción antidiurética e estimulante da secreción gástrica e biliar; por vía externa a súa acción é antiséptica, antifloxística e estimulante da cicatrización. Recoméndanse especialmente no tratamento de afeccións cirúrxicas traumáticas, **reumatolóxicas**, dermatolóxicas e respiratorias, neuralxias e problemas xinecolóxicos.

Augas ferruxinosas




Augas ricas en ferro bivalente. A súa acción activadora da eritropoese e as encimas oxidantes convérteas en antianémicas e reconstituíntes, polo que se recomendan especialmente para anemias ferropénicas, trastornos do desenvolvemento, convalecencias e hipertiroidismo; tamén son moi recomendables en réximes **adelgazantes**.

Augas fluoradas



Augas ricas en fluor. Presentan acción beneficiosa para a estrutura ósea, protectora da formación e conservación da dentadura e preventivas da osteoporose, xa que se asocia ao calcio con facilidade. Están recomendados de forma especial para pacientes con problemas óseos en xeral, como é o caso de osteoporose asociada á menopausa.

Augas radiactivas



Augas que emiten radiactividade natural, desprendendo partículas ionizantes debido ao seu contido en gas radon. Presentan acción analxésica **antiáxica** e antiespasmódica. Indícanse en patoloxías psiquiátricas e cadros de estrés, enfermidades articulares e reumáticas, procesos asmáticos e afeccións circulatorias; ademais aumenta a actividade tiroidea e mellora a microcirculación en diabéticos.

Balnearios especializados en Augas radiactivas

- **Galicia**
 - Carballino
 - Caldas de Partovia

Augas sódicas



Augas ricas en sodio. Presentan acción antiséptica, xa que dificulta o desenvolvemento de certos xermes, protectora hepática, **colagoga** e antitóxica. Recoméndase na recuperación de feridas infectadas; é moi valioso en procesos catarrais porque axuda á eliminar as secrecións bronquiais e relaxan a musculatura asociada e axudan á neutralización de toxinas.

Balnearios especializados en Augas sódicas

- **Galicia**
 - Lugo
 - Laias - Caldaria
 - Lobios - Caldaria
 - Carballino
 - Caldas de Partovia
 - Termas de Cuntis
 - Carballo

<http://www.balnearios.org/aguas-medicinales>

Augas sulfatadas



Augas nas que predomina o anión sulfato asociado con catións de calcio, sodio ou magnesio. Presentan principalmente accións estimulantes das funcións orgánicas, especialmente no aparato dixestivo, ademais de desconxestionantes e purgantes. Recoméndanse en bebida para regular o tracto dixestivo e as vesículas asociadas.

Balnearios especializados en Augas sulfatadas

- **Galicia**
 - Lugo
 - Carballino
 - Caldas de Partovia
 - Termas de Cuntis
 - Arnoia - Caldaria
 - Carballo